

CCR/Ra/Ms

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

No uso das facultades que teño conferidas nos artigos 34.1, c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 61.4 e 5 do RD 2568/86, de 28 de novembro, e ó amparo do artigo 46.2.a) da citada Lei 7/85, veño a convocar pola presente **sesión extraordinaria (en substitución da ordinaria de decembro) do Pleno** desta Deputación Provincial, **ás doce horas (12,00) do día 14 de xaneiro de 2022 (venres)**, para tratar da seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión, ordinaria, do día 26 de novembro de 2021. (Expte. 2022001326).

A) Parte resolutiva:
2. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos de Boletín Oficial da Provincia. (Exptes. 2020056675 e 2022000378).
3. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola autorización de obras e actuacións nas zonas de influencia das estradas provinciais. (Expte. 2021051453).
4. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais. (Expte. 2021066522).
5. Aprobación inicial da Ordenanza reguladora do funcionamento da Rede Provincial de Oficinas de Turismo “INFO RÍASBAIXAS”. (Expte. 2021050086).

Convocatoria Pleno extraordinario 14-xaneiro-2022



6. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Barro da EP-0509 Ramal da Igrexa-Portela, do treito antigo na EP-0506 Curro-Portela e do treito antigo na EP-9407 A Goulla-Porráns. (Expte. 2020020698).
7. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meis dos treitos das estradas EP-9402 Mosteiro-Barrantes, EP-9406 Galles-A Armenteira e EP-9407 A Goulla-Porráns. (Expte. 2020025933).
8. Aprobación inicial do proxecto construtivo de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-8501 Valga-Martores, pk 1+050 a 1+500 (Valga)” e do expediente de expropiación. (Expte. 2021040634).
9. Aprobación inicial do proxecto de construción da obra “Mellora da seguridade viaria do p.q. 1+145 ao p.q. 1+160 da EP-9107 Camiño Virxe das Mareas (O Grove)” e do expediente de expropiación. (Expte. 2021048045).

B) Parte de información e control:

10. Dar conta da Resolución Presidencial de data 21 de decembro de 2021 (núm. rexistro 2021007527) tramitada no Servizo de Contratación aprobando gastos de emerxencia. (Exptes. 2021064702 e 2022000384).
11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2021. (Expte. 2021064175).
12. Dar conta das Resolucións Presidenciais. (Expte. 2022001329).
13. Rogos e preguntas.

Notifíquese esta resolución a todas/os as/os compoñentes da corporación e publíquese no boletín oficial da provincia.

